

A **División de Psicología Educativa** foi creada polo Consejo General de la Psicología para unificar, a nivel nacional, o ámbito profesional de intervención que lle é propio. O obxectivo que persegue é coordinar, integrar e desenvolver as actividades científico-profesionais das persoas colexiadas especializadas na devandita área.

En síntese, o que busca é unha optimización dos recursos dispoñibles e unha mellora constante dos coñecementos e competencias profesionais, para o/a colexiado/a profesional da área, coa fin de ofrecer e garantir un servizo de calidade para a sociedade, potenciando, ademais, a acreditación das competencias profesionais na materia.

A División tamén realizará a función de asesoramento ante os diferentes órganos de Goberno do Consejo General de la Psicología, en todas aquelas cuestións relativas a ese ámbito disciplinar.

Poderán ser membros da División os colexiados e colexiadas que teñan interese e que cumpran os requisitos establecidos. Para ser membro ordinario os requisitos son:

- Estar colexiado/a.
- Satisfacer a cota de inscrición, se a houberse.
- Non estar incurso en sanción que leve aparellada a súa inhabilitación no Colexio.
- Presentar a solicitude de incorporación pertinente.

Non é preceptivo, ata a consolidación do funcionamento da División, aboar ningunha cota de inscrición. O proceso de inscrición permanecerá sempre aberto.



COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA
Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es



O/A PSICÓLOGO/A EDUCATIVO/A

**Sección de Psicología Educativa
do
Colexio Oficial de Psicología de Galicia**

O/A PSICÓLOGO/A EDUCATIVO/A

É o/a profesional da Psicoloxía que leva a cabo a reflexión e intervención sobre o comportamento humano en situacións educativas, mediante o desenvolvemento das capacidades das persoas, grupos e institucións.

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN DO/A PSICÓLOGO/A EDUCATIVO/A

- Administración pública:
 - Centros de ensino.
 - Equipos de orientación específica.
- Centros educativos privados e concertados.
- Gabinetes privados.
- Escolas de familia.
- Universidades.
- Concellos.
- Outras actuacións susceptibles de intervencións psicolóxicas de tipo educativo.

O/A PSICÓLOGO/A NO CENTRO EDUCATIVO

Dentro dun centro educativo a función prioritaria é atender e fomentar o desenvolvemento psicolóxico en todos os seus compoñentes:

- Psicomotriz.
- Intelectual.
- Social.
- Afectivo-emocional.

E atendendo aos tres axentes principais do sistema educativo:

- Alumnado.
- Familias.
- Docentes.

FUNCIONES A DESARROLLAR CO ALUMNADO:

1. Avaliación psicolóxica para previr e diagnosticar.
2. Implementar programas de intervención psicolóxica e psicoeducativa dos seguintes tipos:
 - Preventivos.
 - De desenvolvemento.
 - Terapéuticos.
 - De orientación académica e profesional.

FUNCIONES A DESARROLLAR CO PROFESORADO:

1. Información.
2. Asesoramento e colaboración.
3. Formación.
4. Investigación.

FUNCIONES A DESARROLLAR COAS FAMILIAS:

1. Información diagnóstica e asesoramento.
2. Formación.
3. Intervención.

Asemade, dentro das súas funcións tamén está o traballo que se desenvolve na comunidade con outras institucións como poden ser:

1. Servizos sociais do Concello.
2. Centros de saúde.
3. Especialistas en Psicoloxía e Psiquiatría.
4. Gabinetes de reeducación e terapia.

Cómpre definir e diferenciar as funcións do/a psicólogo/a educativo/a doutros perfís profesionais. O noso labor caracterízase por ter unha visión holística e potenciadora do crecemento do/a usuario/a como persoa en todas as súas dimensións e capacidades.

A SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

OBJECTIVOS:

Os obxectivos prioritarios da Sección son: Potenciar o desenvolvemento científico, técnico e profesional do seu ámbito disciplinario; promover a cooperación e o intercambio de información e experiencia profesional entre os seus membros; potenciar a investigación e formación no ámbito propio organizando xornadas, cursos..., así como potenciar a proxección pública da profesión.

Asesorar ante as demandas dos profesionais, dos medios de comunicación e outros sectores sociais. Establecer as relacións oportunas con diferentes institucións, asociacións... Defender a calidade e o rigor da práctica profesional dos psicólogos e psicólogas educativos/as ante o intrusismo mediante a difusión do rol do psicólogo e psicóloga educativo/a, as competencias profesionais e do Código Deontolóxico.

REQUISITOS:

Para ser membro da Sección acreditarase o desempeño profesional actual na Psicoloxía Educativa, ou ben a formación especializada na mesma a través de sistemas acreditados ou o desempeño profesional no pasado durante un período mínimo dun ano.

A solicitude de ingreso realizaraa o/a colexiado/a cumprimentando a solicitude prevista a tal efecto.

Lémbrese aos/ás colexiados/as que se pode pertencer a dúas Seccións dentro do COPG.